

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE
VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE MARZO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 20 de marzo e 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 16 de marzo de 2017, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D^a. M^a José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2a, 2c, 3a e 4d)
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña (asiste aos puntos 2b e 4c)
D. Francisco Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 4a)
D. José Angel Otero Lamas (asiste ao punto 4b)
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

- a) **Acta da sesión do 13 de marzo de 2017**
Este punto retírase da orde do día por falta de quórum para a súa aprobación.
- b) **Corrección da acta da sesión do 18 de xaneiro de 2017**
Este punto retírase da orde do día por falta de quórum para a súa aprobación.

2.- Apertura administrativa

- a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo "VIGO EN INGLÉS 2017" (18.373-332) (emenda de documentación)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo adoptado na sesión do 13 de marzo de 2017 se concedeu con data do 14 de marzo ao único licitador presentado, NEW LINK EDUCATION, S.L., un prazo de tres días hábiles para poder emendar a documentación persoal, concretamente, a presentación da documentación esixida no apartado 6C do Anexo I do PCAP. Dentro do prazo concedido NEW LINK EDUCATION, S.L. presentou a citada documentación. Tras a súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF4B-C6DB2B-3F51EF-CBE8RZ-G6A13S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, admitir a NEW LINK EDUCATION, S.L. no procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

b) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (emenda de documentación)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo adoptado na sesión do 13 de marzo de 2017, notificado en data 14 de marzo, concedeuse a varios licitadores un prazo de tres días hábiles para poder emendar a documentación persoal nos seguintes termos:

1. “MONTAS Y CREPPS, S.L.: non declaran a solvencia técnica
2. ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.: non declaran a solvencia técnica. Así mesmo, manifestan pertencer a un grupo de empresas pero non as relacionan nin manifestan se concorren á licitación
3. ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA: non declara a solvencia técnica
4. DRINKS ATLANTIC, S.L.: non declaran a solvencia técnica. Así mesmo, manifestan pertencer a un grupo de empresas pero non as relacionan nin manifestan se concorren á licitación
5. RESTAURATLANTIC 2016, S.L.: non declaran a solvencia técnica. Así mesmo, manifestan pertencer a un grupo de empresas pero non as relacionan nin manifestan se concorren á licitación
6. CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.: non declara nin solvencia técnica nin económica”

Durante o prazo concedido (que remataba o 17 de marzo) presentaron documentación todos os licitadores requiridos.

Tras a cualificación da referida documentación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a todos os licitadores citados, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

Este punto retirase da orde do día por canto non se recibiron no Rexistro Xeral deste Concello as ofertas dos licitadores que anunciaron mediante fax o envío da súa oferta por correo.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF4B-C6DB2B-3F51EF-CBE8RZ-G6A13S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO DE
VIGO**en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do único licitador presentado e admitido.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración da mesma ao servizo xestor, dándolle traslado da documentación ao efecto.

4.- Apertura económicaa) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)**

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	PROSEGUROS SIS ESPAÑA, S.L.
Prezo	292.820,00 €	251.220,20 €
Plataforma videovixilancia remota	si	si
Acceso dende móbil a plataforma	si	si
Xestión de cámaras remota	si	si
Incremento cámaras videovixilancia	si	si
Nº cámaras exterior motorizada antivandálica	6	0
Nº cámaras antivandálicas	4	1
Nº cámara exterior/interior	2	4
Nº módulos antisabotaxe	4	0
Nº Detectores volumétricos	10	0
Incremento nº visitas control durante o peche centros	2	2
Incremento nº visitas control en horario diúrno sábados, domingos e festivos	2	2
Incremento nº de acudas por incidencia	10	5
Periodicidade revisión e control medios de	trimestral	trimestral



	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	PROSEGUR SIS ESPAÑA, S.L.
seguridade		
Tempo de resposta ante avarías	2	2,5

Asiste á apertura:

- D. Antonio López González, en representación de SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración da mesma ao servizo xestor, dándolle traslado da documentación ao efecto.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

O presidente informa ao público asistente dos licitadores que pertencen ao mesmo grupo de empresas.

		Licitador	Prezo
1		CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	798.670,77 €
2	PERTENCEN AO MESMO GRUPO	AVAN INTEGRAL, S.L.	786.863,00 €
3		CIVIS GLOBAL, S.L.U.	755.780,52 €
4		ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	829.955,58 €
5		ORECO, S.A	784.643,07 €
6		S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	867.000,00 €
7		COPCISA, S.A.	798.569,85 €
8		PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	816.937,07 €
9		UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. ¹	732.468,66 €
10		CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	795.945,97 €
11		EXTRACO, S.A.	768.999,77 €
12		MISTURAS, S.A.	795.642,76 €
13		DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	741.730,00 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE
VIGO



		Licitador	Prezo
14		CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	843.377,77 €

¹ participación na UTE ao 50%

Asisten á apertura:

- D. Carlos García Anllo, en representación de EXTRACO, S.A.
- D. Dori García Navarro, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.
- D. Yeraí Pazos Díaz, en representación de COPCISA, S.A.
- D. Manuel Alonso Vasconcellos, en representación da Federación Galega de Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración da mesma ao servizo xestor, dándolle traslado da documentación ao efecto.

c) **Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)**

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Lugares indicados no Anexo III			Lugares distintos aos indicados no Anexo III			Canon anual
	Máquinas disposición de bebidas quentes	Fontes de auga	Máquinas disposición de sólidos	Fontes de auga	Máquinas disposición de bebidas quentes	Máquinas disposición de sólidos	
MONTAS Y CREPPS, S.L.	23	10	8	3	7	2	3.300,00 €
ANA VÁZQUEZ GIL	23	10	8	1	1	1	1.200,00 €
RESTAURACIÓN A-52, S.L.	8	3	3	3	7	2	8.520,00 €
ATLÁNTICA DE HOSTELERÍA 2012, S.L.	23	10	8	3	7	2	3.300,00 €
ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA	23	10	8	3	8	27	5.103,58 €
DRINKS ATLANTIC,	23	10	8	3	7	2	2.950,00 €



Licitador	Lugares indicados no Anexo III			Lugares distintos aos indicados no Anexo III			Canon anual
S.L.							
RESTAURATLANTIC 2016, S.L.	23	10	8	3	7	2	4.500,00 €
UTE VIGO VIWES, S.L.- CONSER FOMENTO SERVICIOS, S.L.	23	10	8	3	8	27	6.300,00 €
VIGO EVENTOS, S.L.	23	10	8	3	8	27	16.100,00 €
CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.U.	8	3	3	3	7	2	6.157,44 €
OH VIGO, S.L.	23	10	8	3	8	27	41.300,00 €

Asisten á apertura:

- D. Brais Rubio Martínez, en representación de CHURRERÍA BRÉTEMA, S.L.
- D. Juan José Rodríguez Baranda e D. Santiago Casas Lens, en representación de RESTAURACIÓN A52, S.L.
- Dna. Fátima Barreras Fernández, en representación VIGO EVENTOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe de valoración da mesma ao servizo xestor, dándolle traslado da documentación ao efecto.

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

Este punto retirase da orde do día polas razóns expostas no punto 2.c desta acta.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo director deportivo - xefe da Unidade Técnica o 14 de marzo de 2017 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" e a proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF4B-C6DB2B-3F51EF-CBE8RZ-G6A13S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE
VIGO



campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director deportivo - xefe da Unidade Técnica o 14 de marzo de 2017 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" e a proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, do licitador COVIASSTEC, S.L. por non dispor dunha das dúas clasificacións obrigatorias esixidas na cláusula 8.4.3º e no apartado 6A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (grupo I - subgrupo 9 - categoría 1).

Segundo.- Excluir deste procedemento á UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. e MANUEL NOVOA CASTRO, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, segundo consta no informe emitido polo director deportivo - xefe da Unidade Técnica do 20 de febreiro de 2017, e non ter presentado xustificación ningunha durante o prazo concedido.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	99,79
2	ORECO, S.A.	99,40
3	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	98,56
4	GPD CONSTRUCCIONES, S.A.	98,47
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	98,21
6	UTE SIELVIGO, S.L. - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	97,06
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	96,48
8	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. - CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.	95,41
9	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. - SANSIGA, S.L.	92,43



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF4B-C6DB2B-3F51EF-CBE8RZ-G6A13S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Empresas	Puntuación
10	ALVAC, S.A.	90,85
11	UTE OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. - CONSTRUCCIONES GLESA, S.A.	89,32
12	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	73,08
13	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	71,84

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.046,98 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:44	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AF4B-C6DB2B-3F51EF-CBE8RZ-G6A13S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		